

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU OS APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUIDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VO DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

EXPEDIENTE: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil

TRÁMITE: Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación provisional.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria de 21.01.2019, aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vó da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia (BOP 21 de 30.01.2019) e no Diario de Pontevedra de 21.02.2019, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación provisional, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor.

Así mesmo o texto íntegro da ordenanza publicarase no apartado “normativa municipal” do menú “transparencia” da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, en relación ao artigo 5.4 da mesma.

A parte dispositiva do acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 21.01.2019, é do seguinte teor literal:

“Rematado o debate realizase votación ordinaria, e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda:



Martes, 16 de abril de 2019

Núm. 74

Primeiro.—Acordar a imposición da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, e máis a aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da dita taxa, en base aos feitos e fundamentos que constan nos informes e demais documentos unidos ao expediente. O texto íntegro da ordenanza figura como Anexo I na proposta da concelleiro de goberno delegado da área de Contratación e Facenda de data 15.11.2018.

Segundo.—De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles, prazo durante o que, os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do devandito Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Así mesmo, procederáse á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, contando o prazo de exposición e de presentación de alegacións desde o día seguinte ao da última das publicacións aludidas.

Advertirase expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional devirá automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP.

Terceiro.—Considerar definitivamente aprobada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Cuarto.—Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a ordenanza, á publicación íntegra do acordo de aprobación, así como o texto íntegro da ordenanza, no cal xa se inclúe o acordo expreso de derogación da anterior ordenanza, no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.”

O texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada é o que a continuación se transcribe:



**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA
E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUIDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VO
DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS
DE TELEFONÍA MÓBIL**

PREÁMBULO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e máis os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, e máis 24.1.a) e concordantes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Pontevedra establece a Taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Na tramitación da mesma verifícanse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, conforme aos que debe actuar esta Administración no exercicio da súa potestade regulamentaria. Cúmplense os principios de necesidade e eficacia, xa que están claramente identificados os fins perseguidos e existen razóns de interés xeral que a xustifican, tales son a garantía do equilibrio orzamentario e da xustiza tributaria. A norma é acorde cos principios de proporcionalidade e seguridade xurídica posto que regula de xeito claro os aspectos imprescindibles para poder establecer e despois xestionar a taxa. Finalmente, queda garantido o principio de transparencia por terse realizado consulta na web municipal aberta a todos os interesados (sen prexuízo do tramite de alegacións que tras a súa aprobación provisional se efectuará seguindo as normas do Texto refundido da lei de facendas locais) e cumpre co principio de eficiencia ao non ter implicación nas aplicacións orzamentarias de gasto, ao tempo que suporá maiores ingresos.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou vo das vías públicas municipais, por empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil cuxos servizos se presten, total ou parcialmente, a través de recursos da súa titularidade tales como antenas fixas, microceldas, redes ou instalacións que materialmente ocupen o dito dominio público municipal.

Artigo 2. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, titulares das correspondentes antenas, microceldas, redes ou instalacións a través das cales se efectúen as comunicacións.



Artigo 3. Responsables

Os supostos de responsabilidade, sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Cota tributaria.

1. A cota tributaria, en función dos recursos útiles para a telefonía móbil instalados neste concello e do valor de referencia do solo municipal, cuantificarase individualizadamente para cada operador mediante a aplicación da seguinte fórmula de cálculo:

$$CT = \text{€/m}^2 \text{ básico} \times CPM \times FCA \times S \times T$$

Onde CT é a cota tributaria de cada suxeito pasivo, fixada en función dos seguintes parámetros:

a) €/m² básico: 5,16 euros/m²

b) CPM: Coeficiente de ponderación dos servizos móbiles respecto á totalidade de servizos de comunicacións prestados polo obrigado tributario. Exprésase nunha porcentaxe determinada para cada operador en función do seu número de liñas móbiles prepago e pospago sobre o total das súas liñas fixas e móbiles activas no concello á data de devengo.

c) FCA: Factor de corrección do aproveitamento cifrado nun coeficiente de 0,30 aplicable a aqueles obrigados tributarios cuxo número de liñas móbiles prepago e pospago activas no Concello de Pontevedra non supere as 5.500 liñas.

d) S: Superficie ocupada polo titular dos recursos. Fixarase de acordo cos datos declarados por cada obrigado tributario.

e) T: Tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial, expresado na unidade correspondente ao ano ou, no seu caso, fracción trimestral deste (1; 0,25; 0,5 ou 0,75).

2. Naqueles casos nos que o importe da cota tributaria, calculada consonte ao disposto no apartado anterior, dividido pola superficie ocupada polo obrigado tributario sexa igual ou exceda de 5,16 euros/m², o parámetro a que se refire a letra a) do apartado anterior será de 2,58 euros/m², e o cálculo da cota será o resultado de multiplicar a dita cantidade pola superficie e o tempo, non sendo de aplicación o factor FCA.



Artigo 6. Período impositivo e devengo

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso privativo ou o aproveitamento especial, en que o período impositivo se axustará a estas circunstancias, rateándose a cota por trimestres naturais, completos, consonte ás seguintes regras:

a) Nos supostos de alta, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais que resten para finalizar o exercicio, computándose dende aquel en que se inicia a utilización privativa ou o aproveitamento especial.

b) Nos supostos de baixa, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais transcorridos dende o inicio do exercicio, computándose aquel no que se produce o cesamento da utilización privativa o o aproveitamento especial.

Artigo 7. Normas de xestión

1. Os obrigados tributarios deberán presentar, antes do 31 de marzo de cada ano, declaración comprensiva dos datos que a continuación se especifican, referidos todos eles á data de devengo, a efectos de que pola Administración tributaria municipal se practique a liquidación anual que a cada obrigado tributario corresponda:

a) Número de liñas de telefonía móbil, prepago e postpago, activas no Concello de Pontevedra correspondentes a abonados con enderezo no termo municipal.

b) Número de liñas de telefonía fixa activas no Concello de Pontevedra correspondentes a abonados con enderezo no termo municipal.

c) Número de microceldas, repetidores ou elementos similares instalados no termo municipal.

d) Lonxitude da rede da súa propiedade que ocupe dominio público municipal no termo municipal de Pontevedra, facendo constar, se é o caso, os tramos de ocupación compartida co Concello de Pontevedra.

2. As liquidacións que se emitan en base a estes datos terán o carácter de provisionais ata que, realizadas as comprobacións oportunas, se practique liquidación definitiva ou transcorra o prazo de prescrición de catro anos contados dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación a que se refire o apartado 1 do presente artigo.

Artigo 8. Infraccións e sancións

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como as sancións que ás mesmas correspondan, aplicaráselle o disposto na vixente Lei xeral tributaria, e normativa regulamentaria que a desenvolva, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Pontevedra.



Martes, 16 de abril de 2019

Núm. 74

Disposición derogatoria. Queda expresamente derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil aprobada en sesión plenaria do día 23 de decembro de 2010.

Disposición final. A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación da súa aprobación definitiva.”

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, ao día da sinatura

O Secretario